



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PRUEBAS DE CONJUNTO

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
23 JUN 1995

Segundo as normas legais recollidas no R.D. 86/1987 do 16 de xaneiro, e na Orde do 5 de xuño de 1992, que desenvolve o citado Real Decreto establecendo criterios xerais para a realización das probas de conxunto, a Universidade, por Resolución rectoral do 14 de outubro de 1993, regulamentou os aspectos procedimentais que son competencia dela.

A Orde do 21 de xullo de 1995 derroga expresamente a anterior Orde do 5 de xuño de 1992 e é por isto que compre modificar as disposicións rectorais amparadas na dita norma e polas que se regula o procedemento para a realización das probas de conxunto que poden condicionar a homologación de títulos estranxeiros de educación superior, adaptándoas ó mesmo tempo á regulación xeral dos procedementos en materia de xestión académica recollidos no Acordo da Xunta de Goberno do 3 de xuño de 1996.

POLO EXPOSTO, ESTE RECTORADO RESOLVEU

PRIMEIRO.- SOLICITUDE

1.1. Os alumnos ós que o Ministerio de Educación e Ciencia condicione a homologación dun título estranxeiro de Educación Superior a superación dunha proba de conxunto, e opten por realizala na Universidade de Santiago de Compostela, deberán solicitalo e formalizar matrícula consonte o disposto na presente Resolución.

1.2. A solicitude, dirixida ó Rector, presentarase por calquera dos procedementos recollidos na lei 30/1995 do Réxime xurídico e do procedemento administrativo común. Recibida a solicitude no Rectorado, e admitida a tramite, darase traslado a facultade que imparta o título que se pretende homologar e á unidade de xestión académica correspondente.

1.3. Unicamente se admitirán as solicitudes de realización da proba de conxunto no caso de que a titulación para a que se solicite a homologación estea implantada nesta Universidade.

SEGUNDA.- CONVOCATORIAS

2.1. A Universidade de Santiago de Compostela realizará anualmente tres convocatorias para superala proba de conxunto, que coincidirán coas convocatorias oficiais de exames.

2.2. As datas concretas dos exames fixaranas os respectivos centros, dentro dos prazos para a realización de exames fixados no calendario escolar para cada unha das convocatorias.

TERCEIRA.- MATRÍCULA

3.1. Para a realización da proba de conxunto deberá formalizarse matrícula na unidade de xestión académica que corresponda, e reportar os prezos que estean establecidos.





UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.2. A matrícula deberá realizarse cunha antelación mínima de 30 días antes do comenzo dos exames da convocatoria correspondente, febreiro, xuño ou setembro.

3.3. No acto de matriculación o alumno deberá presentar copia da resolución do Ministerio de Educación e Ciencia e do seu documento nacional de identidade ou pasaporte

3.4. A formalización de matrícula para a realización da proba de conxunto dará dereito a presentación ó exame unha soa vez.

CUARTA.- CONTIDO DOS EXAMES

Proba de carácter xeral

4.1. A proba de conxunto versara sobre tódalas materias troncais establecidas nas directrices xerais propias do plano de estudos español para o que se solicite a homologación, no caso de que a resolución do Ministerio de Educación e Ciencia indique que a proba de conxunto sexa de carácter xeral.

Proba de carácter específico

4.2. Se a resolución do Ministerio indicase que a proba debe ser de carácter específico, os exames versarán sobre a totalidade das materias troncais do título universitario español para o que se solicite a homologación, indicadas na resolución do Ministerio.

Programas

4.3. O inicio do curso, estarán dispoñibles en todos os centros os programas das materias que poidan ser obxecto das probas.

QUINTA.- TRIBUNAL, CUALIFICACIÓNS E RECLAMACIÓNS

5.1. Para realización da proba de conxunto constituirase un tribunal que será nomeado polo decano ou director do centro correspondente; estará constituído por cinco funcionarios de carreira dos corpos docentes universitarios, que pertenczan ás áreas de coñecemento ás que estean vinculadas as materias troncais do título solicitado. Cada un dos membros deberá pertencer a unha área de coñecemento diferente e, no caso de ser menor de cinco o número de materias que se teñen que avaliar, haberá como máximo dous membros da mesma área.

5.2. Cando remate cada convocatoria farase pública unha relación nominal de alumnos coas cualificacións obtidas, mediante resolución do decano ou director do centro respectivo; abrírase un prazo de quince días para que os interesados presenten reclamación.

5.3. As reclamacións contra as cualificacións outorgadas serán resoltas polo decano ou director a vista do informe do tribunal, no prazo máximo de quince días.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.4. No caso de que o alumno non supere a totalidade das materias das que conste a proba de conxunto, as cualificacións das materias superadas poderanse aplicar en sucesivas convocatorias eximindo por tanto o alumno de presentarse ó exame das mesmas, aínda que deberá formaliza la matrícula por todas as materias de que conste a proba.

SEXTA.- ACTAS E CERTIFICACIÓNS

6.1. Unha vez resoltas as reclamacións ou transcorrido o prazo sen que se efectuasen, as cualificacións consideraranse definitivas, e elaboraranse a acta, que asinarán todos os membros do tribunal e mailo secretario do centro.

6.2. Para a confección, entrega, conservación e custodia aplicarase o procedemento xeral e requisitos recollidos no título III do Acordo da Xunta de Goberno do 3 de xullo de 1996.

6.3. Unha vez recibidas as actas de todas as probas de conxunto realizadas nunha convocatoria, os xefes das unidades de xestión académica confeccionarán unha relación nominal que será asinada polo secretario xeral e posteriormente será enviada a Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Educación e Ciencia. O secretario xeral da Universidade remitirá a Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Educación e Ciencia unha relación nominal e certificada de aqueles que superaran a proba, consonte modelo que se aproba no Anexo.

6.4. A cada alumno que realice a proba de conxunto expediraseile unha certificación, que non devengará prezo algun, co resultado da realización da proba, consonte o modelo adxunto.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os decanos e directores dos centros poderán fixar a celebración dos exames das probas de conxunto en datas diferentes ás recollidas na presente Resolución, sempre antes do 15 de maio, para as probas solicitadas dende o principio do curso ata a entrada en vigor desta Resolución.

DISPOSICIÓN FINAL

A partir da data do rexistro de saída da presente Resolución queda sen efecto a Resolución rectoral do 14 de outubro de 1993 poia que se regulaba o procedemento das probas de conxunto.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 1997

O RECTOR.

(P.D. Rectoral do 19 de marzo.)

VICERRECTOR DE RELACIONES EXTERIORES



Luis Concheiro Carro

SR. SECRETARIO XERAL / SR. VICERRECTOR DE ORDENACION ACADEMICA E TITULACIONES / SRS. DECANOS
DIRECTORES DOS CENTROS DA UNIVERSIDADE / SR. VICEXERENTE DO CAMPUS DE LUGO / SR. XEFE DO SERVIZO
DE ALUMNADO / SR. DIRECTOR DO COIE / SRS. XEFES DAS UNIDADES DE XESTION ACADEMICA



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CERTIFICACION DE PRUEBA DE CONJUNTO

D., Secretario General de la Universidad de Santiago de Compostela

CERTIFICA:

Que en la convocatoria de del curso académico 19../.. para la realización de la prueba de conjunto previa al reconocimiento de Títulos Extranjeros de Educación Superior, y según consta en las actas de los diferentes tribunales calificadoros que obran en las respectivas Unidades de Gestión Académica, han superado la misma los siguientes alumnos y para las titulaciones que para cada uno de ellos se especifica:

<u>D.N.I./PASAPORTE</u>	<u>NOMBRE</u>	<u>TITULACION</u>	<u>Materia/calificación</u>
-------------------------	---------------	-------------------	-----------------------------

Y según lo dispuesto en la Orden de 21 de julio de 1995, para que surta los efectos oportunos en la Secretaría General Técnica del Ministerio de Educación y Ciencia, se expide la presente a de de 199..

EL SECRETARIO GENERAL

EL JEFE DE LA UNIDAD
DE GESTIÓN ACADÉMICA

